

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O COFINANCIAMENTO DA PARTICIPACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO NODO ESPAÑOL DO CONSORCIO DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN EUROPEAS “EU-OPENSREEN-ERIC”, DEDICADA Á INVESTIGACIÓN EN BIOLOXÍA QUÍMICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o *31 de decembro de 2024*.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a USC no cofinanciamento da súa participación no nodo español do ERIC EU-OPENSREEN reforzando a súa actividade investigadora e fomentando a innovación, competitividade e internacionalización do sector empresarial en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. A USC é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.
2. A Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia establece o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar cambios no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.
3. A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) constitúe o principal marco instrumental para articular e reforzar a política de I+D+i galega de cara á consecución dos obxectivos establecidos no Horizonte do 2020. A RIS3 busca, de forma coordinada co conxunto de estratexias de ámbito rexional, nacional e europeo, e no marco de financiamento comunitario, maximizar, a través da innovación, o aproveitamento das oportunidades que entraña o contexto de transformacións globais que estamos a vivir e alcanzar os obxectivos de modernización da economía, competitividade e progreso social asumidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
4. A infraestrutura europea EU-OPENSREEN, dedicada á investigación en Bioloxía Química (Chemical Biology), está incluída desde 2008 na Folla de Ruta de infraestruturas de investigación do Foro Estratéxico Europeo para as Infraestruturas de Investigación (ESFRI, nas súas siglas en inglés).
A operativa desta infraestrutura supón un investimento estimado de 1,5 millóns



de euros anuais, que será financiada por diversos países da UE que forman parte do Consorcio de infraestruturas de investigación europeas “EU-OPENSSCREEN-ERIC”, e dedicarase ao estudo das interaccións entre compostos químicos (novos ou xa existentes) e entidades biolóxicas. Os traballos de investigación vinculados a EU-OPENSSCREEN permitirán descubrir sustancias con actividade biolóxica en todas as áreas de ciencias da vida, a través da prestación de acceso aberto transnacional ás máis avanzadas tecnoloxías, experiencia e recursos químicos e biolóxicos, así como da compilación do amplo coñecemento europeo sobre compostos químicos nunha colección para uso común.

5. O 29 de decembro de 2017 o Ministerio de Economía, Industria y Competitividad asinou un convenio de Colaboración co Instituto de Salud Carlos III, a Fundación Medina, a Fundació Institut Mar D’Investigacions Mèdiques, a Fundación de la Comunidad Valenciana Centro de Investigación Príncipe Felipe e a USC para regular a participación de España no Consorcio de Infraestruturas de Investigación Europeas EU-OPENSSCREEN-ERIC, dedicada á investigación en bioloxía química.
6. En liña co anterior, o 4 de decembro de 2018, GAIN asinou coa USC un convenio de colaboración para cofinanciar a súa participación no nodo especial do “EU-OPENSSCREEN-ERIC”. A través do citado convenio, GAIN achegou a USC o 50% da súa contribución ao nodo durante o período 2018-2020.
7. O Convenio do 29 de decembro de 2017, foi resolto por acordo unánime de todas as partes asinantes con data 22 de setembro de 2020, debido á necesidade dunha redistribución de tarefas que implicaba cambios en canto ás institucións participantes e a consecuente redistribución da contribución económica.
8. O 23 de setembro de 2020 asinouse un novo convenio de colaboración polo Ministerio de Ciencia e Innovación coas seguintes entidades Instituto de Salud Carlos III, a Fundación Medina, a Fundación de la Comunidad Valenciana Centro de Investigación Príncipe Felipe, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas M.P e a USC para regular a participación de España no Consorcio de



Infraestruturas de Investigación Europeas EU-OPENSREEN-ERIC, dedicada á investigación en bioloxía química. Este novo convenio non supón un cambio nos obxectivos principais do convenio anterior asinado no 2017 e introduce modificacións relevantes en canto a achega económica de cada institución individual.

9. GAIN, dentro das súas competencias, ten interese en apoiar novamente á USC no cofinanciamento da participación da USC no nodo español do ERIC EU-OPENSREEN, na medida en que, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio responden as actuacións de reforzar a excelencia investigadora das universidades e teñen un interese público, xa que contribúen á mellora da calidade de vida e de saúde dos cidadáns.
10. A participación da USC no consorcio de Infraestruturas de Investigación EU-OPENSREEN-ERIC ascende a un total de 292.400 €, dos cales a Axencia Galega de Innovación financia o 50% dos mesmos (146.200,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.444.0 (código de proxecto 2015 16) dos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2021, 2022, 2023 e 2024.

Importe 2021	Importe 2022	Importe 2023	Importe 2024	Total
36.550,00€	36.550,00€	36.550,00€	36.550,00€	146.200,00€

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

